



Concello de San Sadurniño

BASES CONCURSO DE ILUSTRACIÓNS PARA OBRAS DE ROSALÍA DE CASTRO CO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO.

A Biblioteca municipal de San Sadurniño convoca un concurso de debuxo para ilustrar as obras de Rosalía de Castro, como xeito de celebrar o 23 de febreiro, día do nacemento da escritora. O certame rexerese polas seguintes bases:

1. As ilustracións deberán aludir a calquera das obras de Rosalía de Castro. Na Casa da Cultura haberá unha exposición sobre a autora co obxectivo de que as persoas participantes poidan inspirarse.
2. A este certame poderase concorrer en dúas categorías, unha para crianzas (ata os 12 anos de idade) e outra para a mocidade e persoas adultas (de 13 anos en diante).
3. As ilustracións cumprirán os seguintes requisitos para poder concursar:
 - Estar debuxadas á man en tamaño A4.
 - Ser orixinais e inéditas.
 - Poderase concursar soamente cun único debuxo por participante.
 - No reverso da ilustración deberá constar o título da obra de Rosalía de Castro á que faga referencia e o nome ou pseudónimo da persoa autora, así como os seus datos de contacto.
4. As obras entregaranse nun sobre pechado na Casa da Cultura ou na Biblioteca Municipal (situada no primeiro andar). Tamén se poderán enviar escaneadas con boa resolución en formato pdf ou jpg ao correo bbliosansa@hotmail.com.



Concello de San Sadurniño

5. No caso das nenas e nenos será necesario indicar a idade para que entren na categoría que lles corresponda.
6. O prazo de admisión das obras será do 23 de febreiro ao 3 de marzo, ambos incluídos.
7. O xurado estará formado por 3 persoas do mundo das artes plásticas, que valorarán a orixinalidade dos traballos, a creatividade para relacionalos coa obra de Rosalía de Castro e tamén, aínda que non sexa o factor principal, a súa calidade técnica.
8. O fallo do xurado será inapelable.
9. As ilustracións gañadoras serán expostas na Casa da Cultura.
10. Concederanse tres premios por categoría (6 premios en total), relacionados cos libros e a lectura. Os premios fallaranse o día 7 de marzo e contactarase coas persoas gañadoras para comunicarlles a data da entrega.
11. Presentarse ao concurso supón aceptar integramente estas bases.